

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 2 de decembro de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción Mellora da seguridade viaria na PO-531. Actuacións nos puntos quilométricos (p.q.) 8+850 e 9+400, de clave PO/18/101.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.

Antecedentes:

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o proxecto construtivo Mellora da seguridade viaria na PO-531. Actuacións nos puntos quilométricos (p.q.) 8+850 e 9+400, de clave PO/18/101.06.

A estrada PO-531 (Pontevedra-Barro) caracterízase por presentar unha intensidade media diaria de tráfico moi alta e por atravesar e dar acceso a varios núcleos de poboación e algún polígono industrial-comercial, todo o cal fai que se teñan continuas situacións de cruzamento de vías e por tanto, risco de accidente de tráfico e de inseguridade viaria.

Trátase de mellorar a seguridade viaria do treito considerado mediante a reordenación do trazado actual habilitando nos lugares, xa preestablecidos no estudo previo, dúas zonas para o cambio de sentido de tipo rotonda e paso inferior.

Está prevista tamén a execución de varios muros tipo quebramar, varios treitos de beirarrúas, dúas paradas de autobús (p.q. 9+310 e 9+270), o reforzo do firme no treito considerado, a renovación da drenaxe lonxitudinal e a reposición e mellora da iluminación pública, da sinalización viaria e das barreiras de seguridade.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir



do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avda. M^a Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Barro (Santo Antoniño, 11, Perdecanaí, 36194 Barro-Pontevedra).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

(https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas) atópase á disposición dos interesados o proxecto de construción.

Santiago Compostela, 2 de decembro de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega Infraestruturas

CVE-DOG: cdwa5iq1-bat7-a5t4-ew48-wwea5ugadll9





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción.

Mellora da seguridade viaria na PO-531. Actuacións nos p.q. 8+850 e 9+400.

Clave: PO/18/101.06.

Concello de Barro:

Nº	Referencia catastral	Pol.	Parcela	Propietario	DNI	Sup. catastral (m²)	Aproveitamento	Expropiación
1	36002A222000020000AT	222	2	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	--	283,00	C. Labor ou labradío secaño	283,00
2	36002A222000010000AL	222	1	Magariños Outón, Alicia (herdeiros)	***2143**	309,00	C. Labor ou labradío secaño	309,00
3	36002A222000060000AK	222	6	Sabarís Castro, Mª Lourdes	***1833**	381,00	C. Labor ou labradío secaño	223,00
4	36002A222000050000AO	222	5	Sartal Outeda, Carmen	***5506**	321,00	C. Labor ou labradío secaño	321,00
5	36002A222000040000AM	222	4	Sabarís Castro, Mª Lourdes	***1833**	275,00	C. Labor ou labradío secaño	275,00
6	36002A222000030000AF	222	3	Rivas Rey, Manuel López Sabaris, José Sabarís Villaverde, Erundino (herdeiros)	***1190** ***-----** ***2236**	223,00	C. Labor ou labradío secaño	223,00
7	36002A222000070000AR	222	7	Sabarís Castro, Mª Lourdes	***1833**	1.017,00	C. Labor ou labradío secaño	541,00
8	36002A222000080000AD	222	8	Sabarís Castro, Mª Lourdes	***1833**	624,00	C. Labor ou labradío secaño	150,00
9	36002A222000090000AX	222	9	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	--	507,00	C. Labor ou labradío secaño	62,00
10	36002A222000120000AX	222	12	Sartal Varela, Digna	***0712**	151,00	I. Improdutivo	118,00
11	36002A216003080000AE	216	308	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	--	5.193,00	MM. Piñeiro para madeira	4.121,00